

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DOS PREZOS PUBLICOS POR ESPECTÁCULOS INTEGRADOS NA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS.

CONCEPTO

Artigo 1º. De conformidade co previsto nos arts. 127 e 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 , do 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecido a esta entidade, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, por os arts. 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establécense os prezos públicos pola prestación dos servizos ou realización de actividades administrativas que a continuación se indican:

Celebración de espectáculos incluídos na rede Galega de Teatros e Auditorios.

II. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Artigo . 2º.1. Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza os usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades que constitúan o seu obxecto.

2. Cando por causas non imputables ao obrigado ó pagamento do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

BASES, TIPOS E CONTÍA

Artigo 3º. A contía que corresponda aboar pola prestación de cada un dos servizos a que se refire esta Ordenanza determinarase segundo cantidade fixa ou en función das circunstancias, elementos ou factores que se indiquen na mesma.

Artigo 4º. O importe de prezo público deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou actividade realizada. A tal efecto incluírase na respectiva proposta un orzamento que cuantifique os gastos da actividade ou servizos.

Cando existan razóns benéficas, sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Entidade poderá establecer prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos presupostos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.

Os prezos que se fixen incluírán o imposto sobre o valor engadido.

Artigo 5º.- Prezo das entradas

A: ESPECTÁCULOS CUN CACHET SUPERIOR ÓS 5000€:5 Euros

B: ESPECTÁCULOS CUN CACHET ENTRE 2501 E 5000€: 3,5 Euros

C: ESPECTÁCULOS CUN CACHET ENTRE 750 Y 2500 €: 2,5 Euros.

O prezo terá carácter de prezo único. No obstante e atendendo a razóns de carácter benéficas, sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen a Xunta de Goberno Local poderá establecer para espectáculos concretos a gratuidade dos mesmos ou un sistema de descontos, abonos ou promocións de conformidade cos criterios seguintes:

Descontos: Estudiantes, Maiores de 65 anos, nenos menores de 12 anos e outros colectivos, ata o 50% de desconto sobre o prezo da entrada.

Abonos e outras promocións: Os abonos, que comprenderán un mínimo de 3 funcións por semestre, poderán supoñer descontos de ata o 25% do prezo de entrada.

OBRIGA DE PAGAMENTO

Artigo 6º. A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade debéndose facer efectivo de acordo cas seguintes normas de xestión.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 7º. Os prezos públicos contemplados netas Ordenanza satisfaranse con carácter previo á celebración do espectáculo. O ingreso terá lugar mediante adquisición das entradas ou abonos correspondentes.

Artigo 8º. Devéngase o prezo público nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade correspondente.

EXENCIONES

Artigo 9º

1.- Non se concederá exención nin bonificación ningunha na execución do prezo público salvo as reguladas na presente ordenanza.

2.- De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 8/89 do 13 de abril, non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo ao Estado, Comunidade Autónoma e Provincia a que pertence este Concello, e os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais.

DISPOSICION ADICIONAL

No non previsto na presente ordenanza rexerá o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, na Lei de Taxas e Prezos Públicos e Texto Refundido da Lei Xeral Presupostaria, así como nas disposicións que a modifiquen, desenvolvan ou complementen.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e manterase en vigor mentres non se produzan a súa derogación ou modificación.

Foi publicada integramente a presente ordenanza no B.O.P. nº 272 o 26 de novembro do 2007.